LE MERAVIGLIE

[Alice Rohrwacher, 2014, Italia, 110 min., VOSE]

Lingua **Italiano**
Dirección e guión **Alice Rohrwacher**
Montaxe **Marco Spoletini**
Fotografía **Hélène Louvart**
Son **Christophe Giovannoni**
Elenco **Alexandra Lungu, Sam Louwick, Alba Rohrwacher, Sabine Timoteo Agnese Graziani, Luis Huilca Logroño, Eva Morrow, Andre M. Hennicke, Monica Bellucci, Carlo Tarmati**
Produción **Carlo Cresto-Dina, Karl "Baumi" Baumgartner, Tiziana Soudami, Michael Weber**
Distribución **Karma Films**
Galardóns **Gran Premio do Xurado no Festival de Cannes 2014**

Gelsomina vive cos seus pais e as súas tres irmás pequenas nunha granxa da Umbria, onde producen mel. As mozas medran á marxe da sociedade, baixo as estritas normas que manteñen a familia unida. A chegada dun mozo alemán enviado alí para seguir un programa de reinserción e a descuberta por parte das mozas dun programa de televisión que se difunde pola comarca fan que medre a tensión no seo da familia.

OUTUBRO: PIETRO MARCELLO, ABBAS KIAROSTAMI, ALICE ROHRWACHER

Todas as sesións ás 20.30 h, en VOSE

Luns 23
TEN
(Abbas Kiarostami, 2002)

Martes 24
LAZZARO FELICE
(Alice Rohrwacher, 2018)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #193
17.10.2023

LE MERAVIGLIE

ALICE ROHRWACHER

CINECLUBE PONTEVEDRA

LE MERAVIGLIE POR ALICE ROHRWACHER

Le meraviglie é un filme sobre o campo, sobre o amor algo estraño entre un pai e as súas fillas, sobre a falta de herdeiros varóns, sobre animais e sobre as pequenas persoas que viven na televisión. É un filme rodado no dialecto falado na rexión de Viterbo, pero cando os personaxes se enfadan, ás veces responden en francés ou alemán. *Le meraviglie* tamén é unha fábula.

O filme desenvólvese na miña vila e entre os meus paisanos: a miña vila está no campo (entre as rexións centrais de Umbria-Lazio e a Toscana) e as abellas son as criaturas que mellor coñezo. Tamén sei moito sobre familias multiculturais, non só porque a miña propia familia sexa italo-alemá, senón porque hai moitas outras nesta rexión. Salvo estes elementos, nin a historia nin os personaxes son autobiográficos, aínda que si me son familiares. Quería falar sobre o que significa ser a filla primoxénita. De feito, a miña propia irmá Alba serviume de inspiración, dada a percepción que tiña dela durante a miña infancia. Ao mesmo tempo, penso que me aburriría se traballase en algo totalmente autobiográfico, xa que hai moitas cousas que desexo descubrir sobre a natureza humana máis aló do meu propio ser. Cando escribes un guión, precisas crear personaxes que sexan quen de vivir e cativar a túa imaxinación durante anos. É mellor que estes personaxes sexan descoñecidos para min, xa que deste xeito nunca canso de ilos coñecendo.

Sempre chega o momento en que alguén pregunta de onde es. A min encantaríame responder cunha palabra, como Roma ou Milán, pero no canto diso, véxome obrigada a explicar que son do campo, dunha zona fronteiriza entre Umbria-Lazio e a Toscana onde todas as identidades rexionais se perderon. Cando falo con alguén que coñece o lugar, dime: «Claro, claro, estiven en Civita o domingo e pareceume que estaba a vivir na Idade Media por un día». Isto foi o primeiro que me motivou a traballar en *Le meraviglie*: as dificultades que un pensa que se vai atopar cando fala do campo ou das vilas pequenas que o compoñen, como lugares puros, alleos ao tempo e, polo tanto, utilizables, porque nunca poderán mudar. Vistos desde dentro (ou se cadra desde a barreira), estes lugares non son en realidade así, e a pureza é só unha prisión en que se confinaron eles mesmos a cambio dunha comida quente ao día.

Coñezo ben as abellas e durante unha tempada traballei na produción de mel. Adóroas, pero non resultou doado convencer as compañías aseguradoras de que nada malo ía ocorrer durante a rodaxe. Insistín en usar só abellas reais no filme, sen recorrer a efectos visuais. Quería capturar a sensación da materia e que os actores traballasen con colmeas e enxames reais. A única forma de conseguir isto era facendo moitas probas. Lembro que os pais de María Alexandra Lungu (que interpreta a Gelsomina no filme) quedaron moi contentos. Comentaron que se ao final o filme non se materializaba, polo menos a súa filla aprendería unha habilidade especial e podería converterse en apicultora!

Para atopar unha imaxe pura, precisabamos un punto de vista que fose híbrido. E unha casa, claro. E unha familia que a habitase. A casa que escollemos para o filme estivo sempre alí. É unha casa cunha mestura de partes vellas e partes máis recentes, aínda que nunca foi reformada nun estilo uniforme. Ata hai pouco, o normal era vivir así. Ti entrabas nunha casa e chegabas a formar parte da súa historia. Tapábanse os ocos por onde entraban as correntes de aire, reemprazábanse os azulexos que faltaban, adaptando a casa ao mundo que agora existía. Só as novas xeracións quixeron unificar o estilo das vivendas, xa fose estilo antigo ou moderno. Non resultou doado dar cunha casa para a rodaxe. Todos os sitios que viamos estaban deteriorados polo paso do tempo ou estaban demasiado reformados. Durante estas excursións de busca sempre nos acompañaba o belísimo libro de Roberto Innocenti *La casa*, que en certa forma serviu como guía.

A familia da nosa historia non sempre estivo alí, nin sequera son oriúndos desa rexión, nin sabían ao principio que eran unha familia. Son xente da cidade que tomou unha decisión política de marchar ao campo porque non había emprego na cidade. As protestas que houbo durante anos foran sufocadas pola violencia e a desilusión. Leron libros, aprenderon con manuais a labraren as hortas, traballaron duro e loitaron sós contra as estacións. Todos eles foron antes outra cousa, con diferentes idiomas, distantes pasados, pero unidos por ideais comúns. Coñecín moitas familias deste tipo en Italia pero tamén en Francia e en Grecia. Son comunidades pequenas sen conexións coas demais, coas súas regras autónomas e vidas paralelas a aquelas que coñecemos polo xornal. Pero a vida non é sinxela: tes que traballar duro e é difícil sobrevivir sen o confort que ofrece formar parte dun movemento. Non es un verdadeiro agricultor porque non es da terra. Tampouco se che pode definir como persoa urbanita porque rompiches os teus lazos coa cidade. Non es un hippie porque traballas ata a extenuación desde o amencer ata a posta de sol, nin podes ser considerado un empresario da agricultura porque rexeitas o uso dunha tecnoloxía máis eficiente a cambio dunha vida máis sa. Ao non pertencer a ningún movemento, a algo que se poida definir desde fóra, só che queda unha palabra: familia. Precisamente a palabra que querían destruír nas protestas de 1968 é agora o concepto que se converte na súa Arca de Noé: son unha familia.

Recollido do pressbook do filme.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.